



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA SOBRE AS CONSECUCENCIAS DO TERREMOTO DE HAITÍ

O pasado 12 de xaneiro tivo lugar un forte sismo en Haití, con epicentro localizado a 15 quilómetros de Puerto Príncipe, que causou entre 150.000 e 200.000 mortos, así como tres millóns de damnificados, de acordo con estimacións do propio Goberno haitiano e organismos internacionais, e a case completa destrución de infraestruturas e comunicacións do que xa era o país máis pobre de América.

Máis de dúas semanas despois do sismo, moitas familias haitianas aínda esperan unha tenda que lles sirva de refuxio e alimentos para poder sobrevivir as próximas semanas. O tremor do 12 de xaneiro deixou un millón de persoas sen teito, principalmente na capital de Puerto Príncipe. Dependén agora da axuda internacional e dos seus veciños para sobrevivir.

Antes do sismo do pasado 12 de xaneiro Haití xa era un país cunha situación social extremadamente grave, marcada por unha pobreza endémica, crítica e profundamente inequitativa. Os niveis de pobreza de Haití xa eran daquela tres veces superiores aos da media de América Latina e do Caribe. Haití ocupaba o posto 153 de 188 no índice de desenvolvemento humano (IDH) do Programa das Nacións Unidas para o desenvolvemento (PNUD).

Conscientes da dramática situación que vive o pobo haitiano, o Parlamento de Galicia quere expresar a súa solidariedade coas vítimas e cos seus familiares e unirse ao esforzo sostido que, alén das xudas de emerxencia, debe realizar a comunidade internacional para lles asegurar aos haitianos e ás haitianas un futuro seguro.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2010